

OS ESQUIMÓS

Os esquimós son un pobo que vive nas rexións árticas de América, Siberia e Groenlandia. Viviron durante miles de anos neses territorios polo que teñen unha gran habilidade para sobrevivir en condicións tan difíciles.




Calcúlase que viven nestas rexións unhas 100.000 persoas. Teñen unha vida nómade, seguindo as migracións dos animais que



cazan. Son cazadores de focas e grandes pescadores, o que lles permite conseguir alimentos mesmo no cru inverno do Ártico. Destes e outros animais aproveitan todas as partes posibles para

alimentarse, abrigarse, construír vivendas e ferramentas para cazar.

Tamén se dedican á artesanía, realizan esculturas en marfil e óso, cuxa venda supón unha fonte importante de ingresos.



1. Escribe **V** se é Verdadeiro ou **F** se é falso

Os esquimós saben pescar moi ben.



Cultivan campos de millo durante o verán.

Son grandes comerciantes de madeira e minerais.

Venden artesanía realizada por eles mesmos.

Cazan focas e aproveitan a carne e a pel destes animais.

Hai poucos anos que viven nestas rexións.

Calcúlase que hai uns 100.000 esquimós na actualidade.

2. Hai cinco intrusos neste cadro. Fai click neles

Cazador	foca	pescador	selva
xeo	agricultor	frío	Groenlandia
artesán	horto	peles	nómades
balea	ovellas	crocodilos	óso



3. Completa as frases

Utiliza as mesmas palabras do texto, e non esquezas o til nas palabras que o precisen

Os esquimós son un pobo que vive nas

Son cazadores de focas e grandes

Dedícanse á artesanía realizando

Teñen moita habilidade para

Teñen unha vida seguindo as dos animais que cazan

4. Marca a opción correcta en cada frase

Os esquimós son un pobo que vive nas rexións árticas.



No pobo dos esquimós hai moitas árticas.

O pobo no que viven os esquimós chámase ártico.

Os esquimós viven nas zonas árticas, preto do polo norte.

Teñen unha gran habilidade para sobrevivir en condicións difíciles.

Saben facer moitas cousas para poder vivir en sitios moi difíciles.

Non poden sobrevivir porque as súas condicións son moi difíciles.

Non teñen condicións difíciles para poder sobrevivir.

Teñen unha vida nómade, seguindo as migracións dos animais que cazan.



Cazan moitos animais para facerse as súas casas.

Os animais que cazan fan unha vida nómade.

Móvense dun sitio a outro seguindo aos animais que cazan.

Aproveitan dos animais que cazan todas as partes posibles para alimentarse, abrigarse, construír vivendas e ferramentas para cazar.

Crían animais para alimentarse, abrigarse e construír vivendas.

Constrúen vivendas para abrigarse e coidar dos animais dos que se alimentan.

Cazan animais e aproveitan moitas cousas deles.

Tamén se dedican á artesanía, realizan esculturas en marfil e óso.

Dedícanse á xardinería e a facer esculturas de óso.

Saben facer esculturas de marfil e óso.

Dedícanse á artesanía, fan esculturas de madeira.



A venda da artesanía que realizan supón unha fonte importante de ingresos.



Venden fontes de artesanía para gañar diñeiro.

Venden artesanía pero non gañan moito diñeiro con iso.

Ingresan bastante diñeiro coa artesanía que venden.

5. Une

Óso



Oso

